

# Módulo 1. A identificación de autor: nome e filiación

## Tema1. A identificación do autor: normalización da sinatura



Foto de David Santaolalla en [Flickr](#)

Curso

Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación

FICHA DO TEMA 1	
<b>Ao remate deste tema serás capaz de:</b>	Coñecer as formas que se recomenda adoptar para os nomes e apelidos españois, coa finalidade de que poidan ser indexados correctamente polas principais bases de datos científicas
<b>Tempo de dedicación aproximado:</b>	45 minutos
<b>Lecturas obrigatorias:</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <i>Propuesta de manual de ayuda a los investigadores españoles para la normalización del nombre de autores e instituciones en las publicaciones científicas</i> (2007). Elaborado para a FECYT polos grupos de investigación EC3 da Universidad de Granada e Análisis cuantitativos de Ciencia y Tecnología del CINDOC-CSIC.</li> <li>2. IRALIS (International Registry for Authors) <i>Criterios de firma</i> [en liña]: <a href="http://www.iralis.org/es/node/23">http://www.iralis.org/es/node/23</a> [Consulta: 20/04/2015]</li> </ol>
<b>Lecturas complementarias:</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. ANECA. (2007). <i>Principios y orientaciones para la aplicación de los criterios de evaluación</i> [en liña]. [Consulta: 10/09/2015] <a href="http://www.aneca.es/var/media/551398/pep_2010_07_ppios_070515.pdf">http://www.aneca.es/var/media/551398/pep_2010_07_ppios_070515.pdf</a></li> <li>2. COMISIÓN NACIONAL EVALUADORA DE LA ACTIVIDAD INVESTIGADORA (2014) <i>Resolución de 26 de noviembre de 2014, de la Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora, por la que se publican los criterios específicos aprobados para cada uno de los campos de evaluación</i> Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora [en liña]. BOE. [Consulta: 10/09/2015] <a href="http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2014-12482">http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2014-12482</a></li> <li>3. RUIZ-PÉREZ, R.; MARCOS-CARTAGENA, D.; LÓPEZ-CÓZAR, E. (2014) La autoría científica en las áreas de ciencia y tecnología. Políticas internacionales y prácticas editoriales en las revistas científicas españolas. <i>Revista española de Documentación Científica</i>, 37(2): e049 doi: 10.3989/redc.2014.2.1113</li> </ol>
<b>Titora</b>	Mercedes Corrales Lorenzo

## Táboa de contidos

<b>1. Introducción .....</b>	<b>3</b>
<b>2. Razóns polas que convén normalizar a sinatura .....</b>	<b>3</b>
<b>3. Que significa para o autor unificar a sinatura? .....</b>	<b>5</b>
<b>4. A sinatura científica: recomendacións para o nome do autor .....</b>	<b>5</b>
4.1. Recomendacións para o nome .....	5
4.2. Recomendacións para os apelidos .....	7
4.3. Recomendacións sobre o uso de partículas .....	8
4.4. Uso de abreviaturas e acentos .....	9
<b>5. Número de autores que asinan un traballo e orde da sinatura .....</b>	<b>9</b>

---

# Tema 1. A identificación do autor: normalización da sinatura

## 1. Introducción

A sinatura é unha parte moi importante dunha publicación xa que outorga a unha persoa ou grupo de persoas a súa autoría intelectual. Por iso, pretendemos ofrecerlle ao persoal investigador desta universidade unhas pautas para que asine os seus traballos cun nome que o distinga de forma inequívoca nas bases de datos bibliográficas que se utilizan para avaliar os resultados da súa actividade científica.

## 2. Razóns polas que convén normalizar a sinatura

Para a visibilidade da actividade científica, é importante que cada investigador use unha sinatura normalizada nas súas publicacións que o distinga de forma unívoca doutros autores. Ademais, é fundamental que deixe constancia da súa filiación institucional, é dicir, da súa pertenza a unha universidade, un departamento, un instituto...

Se os autores, ao longo da súa vida profesional, empregan diferentes formas para asinar os seus traballos, é moi difícil recuperar nas bases de datos a información sobre as súas publicacións e as citas que reciben. Isto supón un gran prexuízo tanto nos procesos de acreditación como á hora de presentar unha solicitude do sexenio ou conseguir financiamento para proxectos de investigación.

Os autores que asinan con todo o seu nome oficial (tal como figura no DNI ou no pasaporte) encóntranse a miúdo coa desagradable sorpresa de que nas bases de datos internacionais se recollen as referencias dos traballos que publican en revistas de diferentes formas, segundo o interpretasen os produtores dos recursos. As bases de datos, anglosaxonas na súa maioría, teñen problemas á hora de procesar a información dos nomes españois ou hispanoamericanos, pois son comúns os nomes compostos e a sinatura cos dous apelidos. Consideran como apelido a última parte do nome e os

elementos restantes abrévianos con iniciais. Así mesmo, non é infrecuente encontrar publicacións dun investigador asignadas a outro autor.

Segundo se reflicte nas recomendacións da Fecyt<sup>1</sup> para a normalización dos nomes de autores e institucións, a porcentaxe de investigadores españois que aparecen baixo dous ou máis nomes nas coñecidas bases de datos do Web of Science (Thomson Reuters), constitúen entre un 20% e un 40%.



#### EXEMPLO

Estas son as diversas formas nas que aparece **Luís Fernando Barral Losada** en Web of Science ou Scopus :

- Barral-Losada, LF
- Barral-Losada, L.
- Barral Losada, L.
- Fernando Barral-Losada, Luis
- Barral, Luis
- Barral, L



#### RECORDA

A falta de normalización dos nomes dos investigadores e dos seus centros, nas publicacións científicas e nas principais bases de datos bibliográficas, diminúe a súa visibilidade nos ámbitos nacional e internacional.

---

<sup>1</sup> Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT):  
<<http://www.fecyt.es/>>

---

### 3. Que significa para o autor unificar a sinatura?

Segundo as recomendacións da Fecyt convén que os autores adopten un **nome bibliográfico común**, é dicir, que elixan un nome que os identifique de forma clara e invariable e que o utilicen sempre para asinar os seus traballos. Escoller unha sinatura normalizada significa:

- Elixir un formato de sinatura único que o diferencie doutros autores, especialmente dos da súa mesma área.
- Modificar as variantes que utilizou previamente baixo o formato elixido.
- Empregar sempre o formato elixido e revisar periodicamente nas bases de datos as publicacións que ten asignadas.

### 4. A sinatura científica: recomendacións para o nome do autor

Existen dous documentos (de lectura obrigatoria para este tema) elaborados por [IraLis](#) (International Registry of Authors-Links to Identify Scientists) e a [FECYT](#) que recollen recomendacións que pretenden orientar aos investigadores á hora de elixir a súa sinatura científica. Indican as pautas que resultan máis idóneas para conseguir unha correcta identificación do seu nome, tendo en conta os procedementos de indexación que utilizan as bases de datos como Web of Science, Scopus ou Medline

A continuación imos ver un resumo das pautas recomendadas por estes dous documentos

#### 4.1. Recomendacións para o nome

Recoméndase utilizar sempre o **nome de pía completo, sen abreviaturas nin iniciais**. O uso do nome de pía na súa forma completa é útil para diferenciar os posibles homónimos e o xénero.



EXEMPLO:

Mellor utilizar **Antonio Pérez García** e non A. Pérez García xa que este último pode confundirse con outros autores: Ana Pérez García, Alberto Pérez García, etc.

As persoas que usan **dous nomes de pía** poden incluír os seus nomes completos. Para evitar que o segundo nome sexa interpretado como o primeiro apelido polas bases de datos, cómpre unilos cun guión ou utilizar os dous nomes unidos. Outra posibilidade é elixir o primeiro nome completo e a inicial do segundo.



**EXEMPLO:**

Sinaturas recomendadas para o nome José Manuel:  
**José-Manuel, Josemanuel** ou **José M.**

O nome **María** debe unirse directamente ao nome que o acompaña, vincularse cun guión ou, se ten un carácter secundario, omitirse. Nunca se debe abreviar con M<sup>a</sup>.



**EXEMPLO:**

Sinaturas recomendadas para o nome Ana María:  
**Ana-María, Anamaría** ou **Ana**

No caso de que o nome María vaia diante, non é recomendable reduci-lo á inicial **M.** xa que isto pode xerar confusión con iniciais que noutros idiomas significan “Monssieu”, “Miss” ou “Mister”.



**EXEMPLO:**

Sinaturas recomendadas para o nome María Jesús:  
**Maríajesús** ou **María-Jesús**

---

## 4.2. Recomendacións para os apelidos

### Opción A: autores con apelidos pouco frecuentes:

As sinaturas máis recomendables son: *1º nome completo + 1º apelido* ou ben, *[1º nome + inicial do 2º nome] + 1º apelido*



#### EXEMPLO:

Sinaturas recomendadas para Carlos Antonio Boada:  
**Carlos Boada** ou ben **Carlos A. Boada**

**Observación:** como resulta moi difícil determinar se un apelido é pouco corrente ou non, o máis aconsellable é escoller unha sinatura que identifique ó autor sen confusión. Debe terse en conta que a filiación institucional tamén contribúe á correcta identificación do autor, tal como veremos no tema seguinte.

### Opción B: autores con apelidos frecuentes:

Neste caso é recomendable incluír os dous apelidos na sinatura, coas seguintes variantes posibles:

*1º Nome + [1º Apelido + 2º Apelido unidos por guión]* ou ben *1º Nome + 2º Nome + [1º Apelido + 2º Apelido unidos por guión]*



#### EXEMPLO:

Sinaturas recomendadas para Francisco Javier Blanco García:  
**Francisco J. Blanco-García**  
**Francisco-Javier Blanco-García**  
**Franciscojavier Blanco-García**



### 4.3. Recomendacións sobre o uso de partículas

É aconsellable evitar as partículas que unen os nomes, o nome co apelido ou os apelidos entre si. En caso de desexar mantelas, recoméndase unilas cun guión para garantir a súa integridade.



EXEMPLO:

Sinatura recomendada para María del Mar Valero Ruiz:

**María M. Valero-Ruiz**

Se esta persoa asina como María Del Mar Valero Ruiz, a forma resultante en **Web of Science** é *Ruiz, MDMV* ou *Ruiz, Maria DMV*. O problema está en que Web of Science interpreta os datos de acordo co sistema de apelidos da lingua inglesa, de tal maneira que todo o que vai diante de Ruiz, considérase parte do nome: Maria Del Mar Valero.

Vexámolo con outro exemplo:



EXEMPLO:

Sinaturas recomendadas para Inmaculada Álvarez de Mon y Rego:

**Inmaculada Álvarez-de-Mon-Rego** ou **Inmaculada Álvarez-Mon-Rego**

Resultados en Web of Science se asinamos como Inmaculada Alvarez de Mon y Rego:

**Rego, IAMY** ou **de Mon y Rego, Inmaculada Alvarez**

---

## 4.4. Uso de abreviaturas e acentos

De acordo cos “*Criterios de firma*” de IRALIS, que figuran nun dos documentos que utilizamos como fundamento deste tema, aconséllase non empregar abreviaturas de apelidos como Rguez. ou Fdez. para evitar que algunha editorial ou base de datos os desenvolvan e dean lugar a outra sinatura.

Este mesmo documento, con respecto aos acentos, recomenda o seu uso. Actualmente os motores de busca permiten recuperar os nomes tanto se están acentuados como se non.

As recomendacións de IRALIS aconsellan o uso do ñ, pero nalgunha base de datos, como Medline, non se obteñen resultados dos apelidos que inclúen a dita letra.



### RECORDA

En liñas xerais recoméndase o seguinte:

- Utilizar o nome de pía completo.
- Usar guións para unir nomes completos ou unilos directamente.
- Non abreviar María coa forma M<sup>a</sup>
- Non usar abreviaturas como Rguez.
- Facer uso de guións para unir dous apelidos.
- Evitar as partículas que unen apelidos (de, de la, y...)

## 5. Número de autores que asinan un traballo e orde da sinatura

Nos últimos anos produciuse un incremento considerable do número de autores que asinan unha mesma publicación. Esta tendencia crecente, a coautoría, débese a múltiples causas: a interdisciplinabilidade da investigación; a necesidade de compartir recursos para reducir custos; a alta especialización da ciencia coa creación de equipos de investigación; o uso da telemática, etc. Estudos recentes demostran que,

dependendo das disciplinas, os artigos de revistas asinados por autores ou institucións de distintos países reciben un maior número de citas e son máis facilmente aceptados polas editoriais de prestixio científico. Así e todo, na área de Artes e Humanidades é pouco frecuente a colaboración entre autores e institucións.

Pero ás veces, esta participación non está xustificada e débese máis ben á necesidade dos investigadores de publicar para a súa promoción profesional ou para conseguir fontes de financiamento. As axencias de avaliación (a ANECA e a CNEAI) adoptaron uns criterios para intentar ponderar a responsabilidade e a contribución dos autores, aínda que non hai unhas pautas concretas sobre o número máximo de autores que asinan os traballos.

Nun artigo de revista, cada autor ocupa un lugar determinado entre os asinantes que indica o seu nivel de achega (1º, 2º ...). Non existen, con todo, normas establecidas polas asociacións científicas e profesionais ou polos editores que regulen as prácticas da autoría científica nos distintos ámbitos de coñecemento. Só no caso das ciencias biomédicas o International Committee of Medical Journal Editors (ICMJE, 2013), nas «Normas Vancouver» indica con claridade os requisitos para outorgar a autoría.<sup>2</sup>

No documento “*Principios y orientaciones para la aplicación de los criterios de evaluación*” (V.2.0.31/01/2008) a ANECA indica que para a valoración das publicacións científicas terase en conta, entre outros factores “*el número de autores y, cuando sea relevante, la posición que ocupa entre ellos el solicitante.*” Ademais, a puntuación de cada publicación pode verse reducida, cando o número de autores sexa superior á media da especialidade correspondente.

Á súa vez, na “*Resolución de 26 de noviembre de 2014, de la Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora, por la que se publican los criterios específicos aprobados para cada uno de los campos de evaluación*”, a CNEAI sinalase o criterio que cómpre ter en conta para avaliar a coautoría, en cada campo científico, tal como reflicte a seguinte táboa:

---

<sup>2</sup> RUÍZ-PÉREZ, R.; MARCOS-CARTAGENA, D.; LÓPEZ-CÓZAR, E. (2014) La autoría científica en las áreas de ciencia y tecnología. Políticas internacionales y prácticas editoriales en las revistas científicas españolas. *Revista española de Documentación Científica*, 37(2): e049 doi: 10.3989/redc.2014.2.1113

TÁBOA 1. DISPOSICIÓNS SOBRE A COAUTORÍA SEGUNDO A CNEAI

ÁMBITO DE COÑECEMENTO	DECLARACIÓN
<b>Matemáticas e Física</b>	O número de autores non será avaliable como tal, pero debe estar xustificado polo tema, a súa complexidade e a súa extensión.
<b>Química</b>	O número de autores non será avaliable como tal, pero debe estar xustificado polo tema, a súa complexidade e a súa extensión.
<b>Biología Celular e Molecular</b>	O número de autores da contribución non será un parámetro avaliable, pero debe estar en consonancia coa complexidade do estudo ou a súa extensión. No caso de estudos interdisciplinares onde figure un elevado número de autores, debe xustificarse. Considérase unha participación relevante o <u>ocupar o primeiro lugar na listaxe de autores</u> , ser o <u>director do proxecto</u> ou ser o autor <u>responsable da correspondencia</u> . Se se trata dun artigo publicado nunha revista do primeiro decil, non se terá en conta a posición do solicitante dentro dos autores do traballo.
<b>Ciencias Biomédicas</b>	O número de autores non será avaliable como tal, pero debe estar xustificado polo tema, a súa complexidade e a súa extensión.
<b>Ciencias da Natureza</b>	O número de autores non será avaliable como tal, pero debe estar xustificado polo tema, a súa complexidade e a súa extensión.
<b>Enxeñaría Tecnoloxías Mecánicas e da Produción</b>	O número de autores non será avaliable como tal, pero debe estar xustificado polo tema, a súa complexidade e a súa extensión.
<b>Enxeñaría da Comunicación, Computación e Electrónica</b>	O número de autores debe estar xustificado polo tema, a súa complexidade e a súa extensión. En todo caso, o solicitante <u>debe xustificar que o volume da súa contribución</u> é suficiente para cada unha das súas achegas.
<b>Arquitectura, Enxeñaría Civil, Construción e Urbanismo</b>	O número de autores debe estar xustificado polo tema, a súa complexidade e a súa extensión. Un elevado número de autores <u>podrá reducir a cualificación</u> asignada a unha achega.
<b>Ciencias Sociais, Políticas, do Comportamento e da Educación</b>	O número de autores dunha achega debe estar xustificado polo tema, a súa complexidade e a súa extensión.

<b>Ciencias Económicas e Empresariais</b>	Salvo que estivese plenamente xustificado pola complexidade do tema e a extensión do traballo, un elevado número de autores <u>poderá reducir a cualificación</u> asignada a unha achega.
<b>Dereito e Xurisprudencia</b>	O número de autores dunha achega debe estar xustificado polo tema, a súa complexidade e a súa extensión. Nos capítulos de libro exclúese a presentación de achegas en coautoría, agás proba fidedigna da súa relevancia científica.
<b>Historia, Xeografía e Artes</b>	Salvo que estivese plenamente xustificado pola complexidade do tema e a extensión do traballo, un elevado número de autores pode reducir a cualificación asignada a unha contribución. Un elevado número de autores non xustificado pola natureza e os contidos da investigación <u>poderá reducir a puntuación</u> asignada á dita achega
<b>Filosofía, Filoloxía e Lingüística</b>	Agás na área de coñecemento de Biblioteconomía e Documentación, a participación de máis dun autor debe estar plenamente xustificada pola complexidade do tema e/ou a importancia do traballo. En calquera caso, a existencia de máis dun autor ten que xustificarse, <u>explicando cal foi contribución de cada un dos asinantes</u> na achega.



#### TOMA NOTA

Debido a que o número dos autores que asinan as publicacións é un dos criterios que poden influír nas cualificacións dos procesos de avaliación do PDI, recomendámosche que consultes a páxina web [Co-Author Index](#). Trátase dunha aplicación que xurdiu recentemente e está en fase de proba. Constitúe unha orientación sobre cal é o número de autores que asinan os artigos segundo determinadas disciplinas e revistas. [Co-Author Index](#) (v.BETA) é unha ferramenta, elaborada polo grupo de investigación [EC3metrics](#), que pretende medir con distintos indicadores o índice de coautoría nos artigos publicados por autores españois en revistas nacionais e internacionais.

---

Obxectivos:

- Mostrar os hábitos e prácticas de coautoría dos investigadores españois.
- Axudar os investigadores nos procesos de avaliación do seu rendemento científico para elaborar os seus currículos.
- Orientar os xestores das políticas científicas e os responsables e avaliadores das axencias, para que coñezan os índices de referencia de coautoría segundo as revistas e as disciplinas en que publican os investigadores españois.

[Co-Author Index](#) analiza unha serie de indicadores para 18.926 revistas, agrupadas en 31 disciplinas, no período 1999-2013.

- **Número de documentos:** nº total de artigos publicados nunha determinada revista ou disciplina.
- **Media:** media do nº de autores por artigo nunha revista ou disciplina.
- **Moda:** nº máis frecuente de autores nunha revista ou disciplina.
- **Mediana:** nº de autores por artigos que se encontran no punto medio da disciplina.
- **Máximo:** nº de autores por artigo nunha revista ou disciplina.




ILUSTRACIÓN 1. PANTALLA DE EXEMPLO EN CO-AUTHOR INDEX



**RECORDA**

- É importante o número total de autores que asinan unha publicación.
- A orde dos autores que asinan determina a súa contribución.
- O número de asinantes e a súa orde varían segundo as disciplinas.





*Desenvolvemento de contidos:*

**Mercedes Corrales Lorenzo**

Xefa da Sección de Acceso ao Documento

Servizo de Biblioteca Universitaria

Universidade da Coruña

*Deseño e Maquetación:*

**Unidade de Teleformación**

Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)

Universidade da Coruña



**Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación de [Universidade da Coruña](#) ten unha licenza [Creative Commons Atribución-Non comercial-Compartir igual 4.0 Internacional](#).**